

ORDENANZA FISCAL

REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA UTILIZACION DA EMISION MUNICIPAL DE RADIO PARA A EMISION DE "SPOTS" PUBLICITARIOS.-

ARTIGO 1º.- Concepto.

De conformide co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41 a), ambos da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e tal e como marca o artigo 3.2 da Lei 11/91, do 8 de abril, de organización e control de emisoras municipais, este Concello establece o prezo público por utilizacións privativas constituídas pola emisión de cuñas publicitarias na Radio municipal, especificando as tarifas no apartado 2 do artigo 3º, que se rexerá pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2º.- Obrigados ó Pago.-

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas ou Entidades que se beneficie do aproveitamento, previa oportuna autorización.

ARTIGO 3º.- Contía.-

1.- A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo ó tempo de emisión de cada cuña.

2.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

- 10 segundos de emisión, 420 pesetas.
- 15 segundos de emisión, 545 pesetas.
- 20 segundos de emisión, 525 pesetas.
- Cada segundo máis, 21 pesetas.
- Esquelas funerarias, 2.090 pesetas.
- Gravación de cuñas, 2.090 pesetas.

Efectuaranse os seguintes descontos:

- Contratación de máis de 75 cuñas: 10 %
- Contratación de máis de 150 cuñas: 15 %
- Contratación de máis de 225 cuñas: 20 %

3.- O patrocinio de programas por parte dunha casa comercial ten un prezo por espacio de 5.000 pesetas, encluíndo unha cuña ó escomenza-lo programa, outra na metade e outra máis ó remate do programa patrocinado.

4.- A emisión deberase ordear de acordo coa entrada das solicitudes presentadas nas Dependencias Municipais. Nembargantes, se a persoa ou entidade interesada desexa emitilo seu "spot" nun horario determinado, a mesma sufrirá un recargo de 100 %.

5.- Poderán efectuarse precios especiais a proxectos especiais de publicidade con informe e presuposto do Director dos medios e autorización da Comisión de Goberno do Concello.

ARTIGO 4º.- Normas de xestión.-

1.- As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas se liquidarán por cada aproveitamento.

2.- As persoas ou entidades interesadas na difusión de espacios publicitarios, deberán previamente solicitalo, mediante

a especificación da cuña a emitir e o tempo de emisión.

3.- A autorización da emisión será competencia da persoa adscrita ó servizo en quen delegue, de acordo coa lexislación que regula a delegación de competencias en materia de réxime local, procedéndose simultaneamente á firma dun contrato entre as partes.

4.- Os spots publicitarios emitiranse sen que interumpan a continuidade dun programa, agás no caso de que o mesmo sexa patrocinado pola mesma casa comercial titular da cuña.

5.- No mesmo bloque publicitario non se poderán insertar cuñas de publicidade de casas comerciais que traballen no mesmo ámbito de competencia.

6.- O Concello reservarase o dereito de admisión daqueles spots publicitarios que así o considere oportuno.

ARTIGO 5.- Obrigados ó pago.

1.- A obrigaçión de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza é nado no momento de asina-lo contrato que ampara a emisión da cuña publicitaria.

APROBACION E VIXENCIA.-

DISPOSICION FINAL.-

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor na data da súa publicación no " Boletín Oficial da Provincia", permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación.

A súa aplicación non terá efectividade en tanto non se teña a correspondente autorización para a posta en funcionamento dos medios locais de comunicación (RTVT).-

EXHIBICIÓN
Dun factu emitido por RTV de los residentes
en el territorio de la provincia de Pontevedra
para public. RTV
21.02.96
Vpe 100
6



ANEXO Á ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA EMISIÓN MUNICIPAL DE RADIO PARA "SPOTS PUBLICITARIOS".

1.- A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

EUROS

1.1.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

- 10 segundos de emisión.....	4,35
- 15 segundos de emisión.....	5,50
- 20 segundos de emisión.....	5,23
- Cada segundo máis	0,28
- Esquelas funerarias,	18,43
- Gravación de cuñas,.....	18,43

1.2.- Faranse os seguintes descontos:

- Contratación de máis de 75 cuñas: o 10%.
- Contratación de máis de 150 cuñas: o 15%.
- Contratación de máis de 225 cuñas: o 20%

1.3.- O patrocinio de programas por parte dunha casa comercial ten un prezo por espacio de..... 45,98

1.4.- O prezo de contratación de cuñas de emisión con empresas publicitarias, será a seguinte:

- Pola emisión mensual, de entre 20 e 40 cuñas/día, de 20 segundos c/u, ó mes....	615,95
- Pola emisión mensual, de entre 41 e 80 cuñas/día, de 20 segundos c/u, ó mes....	1.522,51
- Pola emisión mensual, de entre 81 e 150 cuñas/día, de 20 segundos c/u, ó mes	2.664,40
- Pola emisión mensual de mais de 150 cuñas/día, de 20 segundos c/u, ó mes..	3.300,00

2.- Os prezos sinalados anteriormente, engadiráselle o IVE que corresponda.

3.- As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.-

Tui, 26 de setembro do 2006.-

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do Anexo, correspondente á ordenanza fiscal reguladora do/a Prezo Público Emisión "SPOTS PUBLICITARIOS" foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 31/10/2006, Exposto ó público, para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 02/11/2006, e, no BOP nº 221 de data 17/11/2006, quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BOP nº 44 de 19/01/2007, data da súa entrada en vigor.
Tut. 20 de XANERO de 2007

O SECRETARIO - O INTERVENTOR

